



TEATRO

COMPLEMENTARIAS

Cristovo e o libro das marabillas

SARABELA TEATRO

Sabemos da admiración que Cristóbal Colón sentía por Marco Polo. Coñecemos que O libro das marabillas do mercader veneciano acompañou ao navegante na súa viaxe coa intención de chegar por outra ruta a aquelas "indias" descritas douscentos anos antes. Recollemos esta fascinación para amosar en Cristovo e o libro das marabillas a un Colón neno ao que o mundo se lle queda pequeno e aborrece a escola. Cristovo quere viaxar e cre que a coraxe e a forza son a súa mellor carta de presentación. Asistiu o alumnado de 2º e de 6º.



ÁLVARO CAAMAÑO RAMA. 6ºA

O mércores 26 de novembro os alumnos de 6º curso fomos ver unha obra de teatro: "Cristovo e o libro das Marabillas".

A historia desenvólvese nun canal de Venecia, pero segundo van pasando cousas, nunha pantalla van aparecendo diferentes paisaxes feitas con sombras chinesas.

A obra representada trata de cando Cristovo Colón era aínda un rapaz que xogaba aos barcos cos seus amigos.

Un día un mendigo que ía por alí secuestrouno para que traballase para el, entón o estafador agacháboo para que os seus amigos, que o estaban a buscar, non o atoparan.

Un día atopou un libro chamado "O libro das Marabillas". Cristovo empezou a ler nel e viu que ía sobre Marco Polo.

Cristovo ía pensando nas viaxes que facía Marco Polo por diversos países, entre eles estaban Persia e Mongolia, nos que os seus habitantes ían vestidos con roupas que me gustaron. Marco Polo chegou á China e Cristovo soñaba que a el lle estaban servindo comidas.

Ao final os seus amigos encontrárono e seguiron xogando.

A min gustoume unha escena na que Cristovo estaba cun ovo, o ovo de Colón. Eu penso que estaba descubriendo que podía chegar a Asia polo mar se daba a volta ao mundo.

A min pareceume un pouco aburrida porque había cousas que non entendía.

ESTEBAN YAÑEZ
8º C

A obra que fomos ver estaba baseada nas viaxes de Marco Polo, por distintos países como China. Gustoume moitísimo



Os músicos de Bremen

TEATRO PARAISO

Partindo da coñecida fábula dos irmáns Grimm, esta obra recrea unha versión singular na que o texto en rima se conxuga coa música, para recrear unha atmósfera vitalista e poética.

Os músicos de Bremen é un canto á alegría de vivir, ao valor da amizade, á coraxe para superar as dificultades do camiño e á esperanza de chegar xuntos a unha meta.

Asistiu o alumnado de 5º. Martes 2 de decembro de 2008.

Un gato, un burro, un can e un galo, protagonizan a obra de teatro "Os músicos de Bremen".

Os catro animais teñen a unha vida desgraciada polos seus donos e veciños, golpes, cadeas atadas... Por iso deciden partir a Bremen, a cidade da tranquilidade e a felicidade, onde poderis tocar o tempo que quixerades.

Os catro animais alá por onde van, sempre cantando e tocando unha nota musical ata que lles colleu o cansanzo e a fame.

Pero casualmente viron unha cabana onde poder pasar a noite e comer o que quixeran, pero eles non sabían que uns delinquentes tomaran esa casa para esconderen o seu botín.

Os catro amigos consiguieron asustar e poden continuar a súa viaxe ata que se dan conta de que Bremen está en todas partes. No corazón de cada cidade ou en calquer lugar onde soe unha nota musical.

GONZALO ALFONSÍN
5º A

É o título desta peza que, centrada no público infantil, pretende ensalzar valores como o respecto á terceira idade, fomentando o vínculo entre netos e avós. A enfermidade do Alzheimer propicia esta obra coa que os máis pequenos da casa poderán entender e valorar mellor o seu contorno. Asistiu o alumnado de 3º, 4º e 5º de primaria o día 18 de setembro de 2008 ao Teatro Principal.

Ao comezo do curso fun ao Teatro Principal cos meus compañeiros de clase. Fomos ver unha obra de teatro chamada "Un avó especial".

Nela unha muller chamada Rosiña contaba o que lle pasara de pequena. Lembraba as cancións que lle contaba o seu avó, os xogos e os contos que aprendera del, as bromas que lle gastaba, os agasallos...

Un deses agasallos foi un diário que non lle gustou, pero no que escribiu cando o seu avó enfermou.

Todos os días anotaba o que lle pasaba. Pouco a pouco o seu avó ía esquecendo as cousas e mesmo facía cousas estranas como meter na neveira os zapatos.

Ela ao principio enfadábase, e logo comprendeu que o seu avó tiña a enfermidade de Alzheimer, e por iso agora é ela a que ensina cancións, xogos, contos... ao seu avó.

LAURA COLLAZO
8º A



O prodixio dos zapatos de cristal

RECREACIÓN DE XOSÉ ANTÓN NEIRA CRUZ
MÚSICA: A CENERENTOLA DE ROSSINI

Gioachino Antonio Rossini é, sen dúbida, un dos autores máis celebrados da historia da música. El mesmo foi un exemplo de fino e elegante humor, un carácter alegre e festivo que iluminou a escena musical e artística do seu tempo.

O prodixio dos zapatos de cristal é unha recreación ou unha reescritura, que o autor galego Xosé Antón Neira Cruz fixo pegado á música de Rossini para La Cenerentola.

Alumnado de 3º o 29 de outubro de 2008 e de 1º o 30 de outubro de 2008.



Publicidade



MAYSO

Tel. 981 59 43 73 - Rosalía de Castro, 23 - 15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA

e-mail: maysolibreria@mundo-r.com
www.maysopapeleria.com.es

MATERIAL OFICINA - ESCOLA - LIBRERÍA
XOGOS EDUCATIVOS - CONSUMIBLES INFORMÁTICOS



abraxas



AULA 25. Santiago de Chile 25. CP 15702. Tlf 981593655
AULA 25 D.E. Salvadas 37 baixo. CP 15705. Tlf 981554158
ABRAXAS. Rua Nova de Abaixo 3. CP 15706. Tlf 981592030
ABRAXAS. Montero Rios 50. CP 15706. Tlf 981580377



O programa de prevención de drogodependencias "CINENSINO" englobase dentro do contexto de Educación para a Saúde e pretende ser un instrumento complementario nesta área e dentro do actual sistema educativo.

Este programa utiliza como soporte base o cinema; mediante a proxección de tres películas irase profundando e traballando en diferentes temas de interese relacionados coa prevención do consumo de drogas.

Asistiu o alumnado de 5º de primaria.

Mércores 29 de outubro de 2008 ás 12:00. "Mr. Magorium y su tienda mágica". Auditorio de Caixa Galicia na Carreira do Conde.



Os nenos e nenas do colexio Pío XII de 5º curso fomos, cos nosos mestres/as ao "Cinensino" á rúa da Carreira do Conde, ver a película "Mr Magorium y su tienda mágica", que se atopa dentro do Programa de Prevención de Drogodependencia. Gustounos moito e foi moi entretida.

Mr Magorium ten unha tenda de xoguetes máxica e gústalle tanto aos nenos coma aos adultos. Pidas o xoguete que lle pidas, atópalo; se non é así, só tes que ir onda a súa axudante, Molly, e ela abre un libro enorme e sae del calquera xoguete.

A Mr Magorium "chegoulle a súa hora". Nin a tenda nin Molly aceptan a súa marcha. Ésta pidelle por favor que non se vaia, que non pode cargar coa tenda ela soa porque non ten maxia coma o seu dono. A tenda comeza a perde-la súa cor. Todo se volve mouro e os xoguetes entrístecen. Mr Magorium dille a Molly que el xa viviu a súa vida, 243 anos, e ela para intentar que non marche faulle pasar un día marabilloso para ve-lo que perde se se vai. Volven á tenda e déixao só para que pase alí os derradeiros instantes e se despida dela.

Molly coma non ten confianza en si mesma decide vende-la tenda pero o contable Henry e mailo seu mellor amigo, un neno chamado Eric, fanlle recupera-la confianza en si mesma e a tenda volve selo que foi.

ENSINANZAS QUE SACAMOS:

- Hai que ter confianza en nós mesmos.
- Que todos temos capacidade para supera-lo que nos veña.
- Sempre hai que face-las cousas con seguridade.
- Debemos asumir responsabilidades.



SEMANA DAS CIENCIAS



O día 16 de novembro, con motivo da "Semana das Ciencias" os alumnos de 6º de Primaria visitamos Meteogalicia (Fontiñas).

Fomos recibidos polo seu director e alí fixo unha pequena introdución sobre o que iamos facer.

De seguido dividíronnos en grupo e pasamos por tres obradoiros diferentes.

No primeiro, no que nos atenderon dous monitores, fixemos unha serie de experimentos relacionados co ciclo da auga, a electricidade estática, a presión do aire... Por exemplo: frotamos á nosa cabeza un globo e os papeliños que tiñamos na mesa adheríronse a el.

A continuación, con outro dos monitores falamos sobre temas coma o cambio climático e as súas causas, consecuencias e como afrontalo.

Explicáronnos que o cambio climático é producido polo exceso de dióxido de carbono (CO₂), o máis importante dos chamados gases invernadoiro e, tamén polo metano que ven xerado pola grande cantidade de refugallo do gando acumulados de forma inaxeitada, dado que en Galicia hai moita explotación gandeira.

Tamén nos enfrentámos a que a capa da atmósfera fai cada vez máis espesa, a causa das grandes cantidades de gases, dos que falamos anteriormente, producidos polo seres humanos. Así os raios do Sol quedan atrapados no interior da atmósfera en vez de saír cara o Universo e, como consecuencia, a temperatura da Terra elévase perigosamente. Despois deste debate cos compañeiros seguimos ao noso monitor, sentámonos ao redor dunha mesa e poidemos ver pequenos toros do tronco das árbores. Grazas a eles podes averiguar a súa idade, os seus tipos de crecemento e o clima que tiñan os nosos antergos fai anos e anos.

Por último, tivemos unha pequena conferencia cunha das meteorólogas presentes alí, sobre as estacións meteorolóxicas, para que serven, como protexelas e os aparatos que utilizan. Nestas estacións, os aparatos de medida sitúanse no interior dunha caseta. Ten que colocarse ben illada do chan e ventilada para evitar o calentamento. Utilízanse normalmente aparatos como o termómetro de máxima e mínima (temperatura); o higrómetro (que mide a humidade diaria do aire); o barómetro (presión atmosférica); pluviómetro (que mide a cantidade diaria de precipitacións, este consta dun recipiente a 1,5 m. do chan cun embudo que recolle a auga) e, por último, o anemómetro (que consta dunhas cazoletas que permiten coñecer a velocidade do vento segundo este xira).



MARTA MORATO
6º B.



SARA TATO
6º C.

A obra consistía nun profesor e un alumno. O alumno era moi xoguetón e non lle gustaba estudar ciencias. Ao longo da obra o profesor ía conseguindo paso a paso que o alumno aprende, aínda que lle costara moito conseguílo. Mentres o profesor lle ensinaba ao alumno a facer experimentos ensinábanos a nós ciencias da maneira máis divertida. Fixeron os seguintes experimentos:

"Sopla, sopla"

Tan só se precisa unha botella e un globo. Tí fas na parte de abaixo da botella un burato. Enganchas o globo á "boca" da botella. Se ti sopras pola "boca" da botella, o globo vaise inflando, pero como non tapaches o burato, cando rematas de soprar o globo desinflase. En cambio, cando tapas o burato o globo non se desinfla porque a botella está o vacío e non contén aire. ¡Foi un experimento moi fascinante!

"Ramón e tapón"

Para facer este experimento precisas unha botella, unha figuríña pequena, un tapón, vinagre e bicarbonato. O experimento consiste en: Votas vinagre e bicarbonato nunha botella e tapas a botella, a mezcra produce reaccións químicas, entón comeza a ascender escume, pero o estar pechada non poder saír. Cada vez vaíse formando máis e máis presión ata que o tapón e Ramón saen voando. Este experimento recoméndase facer con axuda dun adulto.

¡Un experimento moi divertido!

TEATRO

CIENCIA SIN PALABRAS

O martes 20 de outubro viñeron ao Colexio Pío XII dous homes que nos ensinaron o que é a ciencia. Para iso, tiñan un libro de experimentos que seguramente facían que lian, tamén tiñan gasosa, chocolate, unha pota, catro vasos, unha botella de viño baleira, bicarbonato, un boneco pequeno ó que lle chamaban Ramón, un cortizo, un limón e unha lombarda, da cal sacaron zume.

O home máis vello facía de profesor científico, que apareceu cun uniforme extravagante e o segundo home que se facía despistado.

O primeiro experimento que fixeron foi botar o chocolate na botella de gasosa, entón pasados uns instantes o chocolate comezou a baixar e subir. O seu segundo experimento, foi botar na botella de viño, gasosa e bicarbonato, puxeron o cortizo axitárono e puxeron a Ramón, o boneco, enriba, ó final o cortizo saíu disparado, logo fixeron outro con globos, e por último o que fixeron co zume cambiaba de cor, despois de botarlle o limón e o bicarbonato.



JORGE PEREZ
6º A.



"Globo que non explota"

Tan só precisas dun globo e un pau fino e coas dúas puntas afiadas. Tí inflas o globo pero non queda infrado de todo por un extremo e por outro extremo que está a carón da embocadura. Entón ao introducir o pau por un dos extremos e sacalo pero non de todo polo outro non explosiona. Aínda que non estou segura eu creo que non explosionou porque non estaba infrado de todo.

¡Un experimento inexplicable!

"Gaseosa con chocolate"

Precisas, como di o título, gaseosa e chocolate. Ao botar anacos pequenos de chocolate en gaseosa, como a gaseosa contén gas, o gas ascende e baixa, e como o chocolate pesa pouco ascende e baixa xunto co gas.

¡Unha mezcra un pouco rara!

"Sustancias, luz e..."

Ao mesturar líquido de lombarda (que se forma ao ferver a lombarda) e botar substancias como vinagre, limón, etc..., e ao apagar a luz e alumar o vaso cunha lanterna..., ¡Uala! Cambia de cor. O cambio de cor prodúcese por mezcra de substancias e grazas a luz da lanterna.

¡Un experimento de cine!

Grazas a Caixa Nova e á Universidade de Vigo puidemos disfrutar desta fantástica obra de teatro.



GRANXAS FAMILIARES

O programa Diverciencia dependente da Consellería de Innovación e Industria, constitúe unha oportunidade especial para os escolares, de cara a familiarizarse coas novas tecnoloxías como ferramentas para achegarse ao mundo rural, ao tempo que se relacionan coa informática e con Internet.

Os obxectivos deste proxecto son amosar á sociedade galega a riqueza do eido rural galego a través dos mais pequenos, empregando como ferramentas as novas tecnoloxías.



A visita realizouse o día 15 de outubro desde as 10:00 ata as 17:30. As visitas foron as seguintes: 2ºA. Visita á Granxa Casa dos Caseiros en Ponteceso, A Coruña. / 2ºB. Visita á Agro do Cruceiro en Coristanco, A Coruña. / 2ºC. Visita á Granxa Casa do Castro en Sober, Lugo.



Casa do Castro

O día 15 de outubro fomos á granxa Casa dos Caseiros. Naquela granxa fixemos moitas cousas. Primeiro sementamos leitugas e espinacas. Logo visitamos unha casa moi antiga onde vimos dous fornos de pedra e un pozo. Tamén vimos un pombal pero non había pombas. Logo démoslle de comer ás galiñas e aos coellos. Xantamos ao aire libre e tamén xogamos ao xogo de recoller patacas. Por último collimos unhas bolsas que traían allos, porros, tomates, repolo e pementos. Pasámolo moi ben.



MARTA BASANTE
2ºA


Os nenos e nenas de 2ºC visitamos unha granxa familiar na provincia de Lugo. Dedicada ao mel.

Ali había granxeiros que se chamaban María e Alberte. Eran moi bos. Na granxa pasámolo moi ben. Probamos o mel e está moi rico. Fumos ver as colmeas. Tres delas tiñan abellas mortas. Tamén había nésporas que querían o mel. A unha nena da clase picoulle unha néspora. No campo vimos traballar ás abellas. Non puidemos achegarnos moito porque o granxeiro dixo que ra perigoso,



BELEN VALLE, MARIA VINA, CLAUDIA SANTOS,
MANUEL RICO e CRISTINA PEREZ. 2ºC

podiamos molestarlas e podiamos picar. Probamos o mel con cera nos panais e tamén o mel só que sabe moi doce. Hai que tomar mel para a saúde. Aprendimos moitas cousas sobre o mel por exemplo sacarlle a cera aos paneis, ver como metían o panal na máquina, meter o mel nos botes e tamén etiquetalos.



Granxa Casa dos Caseiros



Agro do Cruceiro

Eu xa estivera nunha granxa cando tiñamos 5 anos pero non se parecía á granxa á que fumos. Nesta granxa cultivaban tomates, pementos e verduras. Ao principio debullamos millo coas mans e depois vimos porcos e galiñas. A min o que máis me gustou foi comer ali. No autobús cantamos cancións e Rubén cantou a canción do "chiqui chiqui". Déronnos de agasallo leituga, tomate e cebola.



CARME MIGUEZ
2ºB



EXCURSIÓNS



Semana do Atlántico

O Real Club Náutico de Vigo organiza a Semana do Atlántico. Como complemento da actividade, celébrase unha exposición de tinte cultural "Galegos e Cataláns, 250 anos da industria do mar en Galicia" enfocada á chegada dos "Fomentadores cataláns" á nosa terra e o nacemento da industria do salazón e da conserva. Ademais da exposición poderás visitar a Goleta Giralda. Asiste o alumnado de 4º de primaria [16/10/08].

O 16 de outubro, os nenos de 4º do noso colexio fomo a Vigo en tren.

Saimos do colexio en autobús que nos levou á estación. Alí collimos o tren.

No tren repartíronnos en dous vagóns. O tren levounos ata o mesmo porto.

Ao chegar estaba emocionada porque entrei nunha exposición onde nos contaron a historia da cidade de Vigo. Tamén asinamos un tratado para sermos corsarios. Vimos moitas cousas: armas, maquetas, etc.

Máis tarde comimos nunha carpa. Déronnos auga e un bocadillo.

Ao rematar, metémosnos outra vez no tren e voltamos a casa.

Divertímonme bastante porque fun en tren, vin o porto de Vigo, e sobretudo estiven cos meus compañeiros.



LUCÍA RODRÍGUEZ
4º C.

Proxecto "O Serrido"

Os Roteiros "O Serrido", son visitas guiadas para escolares pola beiramar nas que se lle amosa o traballo das mariscadoras, a través de diversas actividades e xogos. Alumnado de 4º. Martes 14 de outubro de 10:00 a 18:00.



Os nenos e nenas de 4º fomos o día 14 de outubro a unha excursión a Cambados.

Cando chegamos puxemos unhas botas para ir mariscar. Na praia ensináronnos as ferramentas de marisqueo a algúns mariscos.

Entrounos a fame e para xantar fomos a un parque moi bonito onde había moitos columpios.

Despois fomos á depuradora. O marisco estaba nunhas piscinas

pequenas. Díxéronnos que a auga era de mar pero con cloro e así os mariscos depurábanse.

Logo fomos á lonxa e alí vimos moitísimos quilos de marisco como ameixas, berberechos... e tamén moitos peixes.

Para rematar fomos á nave de redeiras. Había montañas de redes. Tamén vomos como amañaban o roto. Faciano rapidísimo.

Pareino moi ben.



Escola Galega de Consumo

Actividade organizada dentro do programa Obradoiros 08/09 actividades dirixidas a alumnado de primaria dirixidas cara o consumo responsábel. 27/10/08. Alumnado de 3º. CONSUMO RESPONSÁBEL. 29/10/08. Alumnado de 4º. LINGUAXE PUBLICITARIA.

Saimos do colexio o día 27 de outubro ás 11:00, nun autobús. Tardamos sobre 15 minutos. Recibíronnos moi ben.

Despois, fomos conducidos a unha sala moi grande, alí merendamos.

Dividíronnos en catro grupos. Ao noso grupo explicáronnos cousas do etiquetado dos alimentos: data de caducidade, prezo, etc. Tamén fixemos de familias. A nosa familia chamábase a familia das delicias. O xogo consistía en que había que mercar comida saudable.

Estivemos alí case unha hora enteira.

Gustounos moitísimo. Esperamos volver pronto.



CRISTINA GRAÑO e ALICIA MASCARENAS
3º B.